

ANTONIO GATO MANTÉN UNHA INTENSA ACTIVIDADE PARA PRESENTAR AOS VECIÑOS E VECIÑAS DE MONTERROSO AS PROPOSTAS DE GOBERNO SOCIALISTAS

Acompañado por integrantes da lista do PSOE e a vicepresidenta segunda da Deputación, está a participar nunha serie de encontros cos veciños e veciñas do municipio para trasladarlles os compromisos que inclúe no seu programa “co obxectivo de que Monterroso siga progresando”

Monterroso, 11 de maio de 2015

O alcaldable socialista de Monterroso -Antonio Gato Soengas- está a participar, acompañado por membros da lista do PSOE, nunha serie de encontros cos veciños e veciñas do municipio para trasladarlles os compromisos que inclúe no seu programa “co obxectivo de que Monterroso siga progresando”.

Acompañado pola vicepresidenta segunda da Deputación -Lara Méndez- participou nun acto electoral na parroquia de Ligonde. Neste encontro percorreron un tramo do Camiño de Santiago, compartindo a andaina cun alto número de peregrinos que se atopaban na zona. Aproveitaron este percorrido para destacar a relevancia do Camiño como elemento para o desenvolvemento económico do municipio ao tratarse dun importante atractivo turístico. Neste senso, Gato Soengas explicou que “continuaremos a levar a cabo as actuacións necesarias para o seu adecuado mantemento, e reclamaremos á xunta de Galicia que efectúe as intervencións que son da súa competencia”.

Xa pola tarde, o cabeza de lista dos socialistas monterrosinos compartiu un xantar cos veciños e veciñas de Conás, Couso e Vacariza, e participou nun acto público cos de Marzán.

